

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 03 DE MARZO DO 2022.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>-----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día tres de marzo do dous mil vinte e dous, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 24/02/2022.

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202202/359**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 23/02/2022 "Decreto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PROFESIONAIS ESPECIALIZADOS DE APOIO Ó PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL MUNICIPAL""

**3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202202/380**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/02/2022 "Decreto: DECLARACIÓN DA LICITACIÓN CONVOCADA PARA A CONTRATACIÓN



DAS OBRAS DO PROXECTO "PASO SOBRE RÍO LISTRES PARA CONTINUIDADE DE RÚA EN CASTIÑEIRAS (RIBEIRA)" COMO DESERTA"

#### 4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202202/403

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/02/2022 "Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO EN RÚA DA CHOUZA (CASTIÑEIRAS)"

#### 5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202202/405

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/02/2022 "Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA LUIS PIMENTEL (AGUIÑO)"

#### 6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202202/407

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/02/2022 "Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE CANABEIRO (OLEIROS)"

#### 7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202202/412

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/02/2022 "Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE MUIÑOS (OLEIROS)"

#### 8.- CESIÓN DE USO DUN ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE RIBERIA - Asociación Ámbar

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez, con DNI 33243142T, en representación da "Asociación Ámbar", con CIF G15052434, que tivo entrada neste concello o pasado 14/02/2022, con número de rexistro de entrada 2022 2699 e no que **SOLICITAN**:



*“O CESIÓN DE USO DUN ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE RIBERIA, POR UN PERÍODO DE UN ANO, PARA LEVAR A CABO ACCIÓNS DO PROGRAMA DE EMPREGO INCLUSIVO: ENTREVISTAS, REUNIÓNS, INFORMACIÓN COAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA”*

Vista a proposta emitida ao respecto polo Concelleiro Delegado de Relacións Institucionais, Turismo, Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro, de data 25/02/2022, na que expón:

*“Neste momento, no Viveiro de Empresas, hai despachos vacantes e non habería problema por cederlle o despacho nº 6 de forma temporal e gratuíta á “Asociación Ámbar” (en diante CESIONARIA); con todo, no momento que se precise o espazo, ben porque unha empresa solicite un despacho no Viveiro de Empresas, ben porque o Concello o precise para uso municipal, darase por rematada a cesión. Bastará cun previo aviso por escrito á CESIONARIA, a cal nun prazo máximo de 15 días naturais deberá deixar vacante o despacho no mesmo estado no que o recibiu.*

*A este efecto, antes de abandonar o despacho, a persoa que designe o Concello de Ribeira, practicará unha inspección coa presenza da CESIONARIA, para determinar o estado en que deixa o despacho e as súas pertenzas e, no seu caso, cuantificar os danos aos que terá que facer fronte a CESIONARIA, cubrindo así o prezo das reparacións.*

*Se logo de devolver o espazo cedido quedasen nel bens mobles da CESIONARIA, entenderase que esta renuncia á súa propiedade e posesión a favor do Concello de Ribeira, quedando a CESIONARIA ademais, suxeita á obriga de reembolsar a aquel os gastos que este tiver que soportar para deixar o despacho no seu estado orixinario.*

*A CESIONARIA exime de toda responsabilidade ao Concello de Ribeira, polos danos e lesións que nas cousas ou persoas se causen como consecuencia da ocupación do despacho cedido ou das actividades que neste se desenvolvan.*

*O Concello de Ribeira non responde dos danos e perdas que se lle poidan ocasionar a CESIONARIA por casos fortuítos e de forza maior.*

*A CESIONARIA autoriza igualmente á persoa responsable do Viveiro de Empresas do Concello de Ribeira a entrar no despacho para ensinalo a posibles empresas que queiran instalarse no Viveiro.*

*Tal como establece a Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas de Ribeira, a CESIONARIA deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil, que deberá ter vixencia mentres dure a cesión dos despachos e presentala ante o Concello e Ribeira no prazo dun mes dende o inicio da cesión.*

*A duración máxima que pode ter esta cesión será de 1 ano, mentres dure o “programa de emprego inclusivo”.*

*Autorízase tamén a que a entidade poda identificar o local con carteis (que logo se retirarán) así como para deixar no mostrador de entrada material informativo e publicitario (carteis, dípticos) relativo aos contidos do programa ou actividades da Asociación, sempre coa supervisión e consentimento previo da persoa responsable do Viveiro de Empresas.”*



Polo exposto, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** autorizar a cesión temporal do despacho nº 6 á “Asociación Ámbar, coas condicións expostas anteriormente.

#### 9.- CONCESIÓN TEMPORAL DO POSTO Nº 3 DO MERCADO MUNICIPAL DE PALMEIRA – Miguel Ángel Novoa Núñez

Visto o escrito presentado por **Miguel Ángel Novoa Núñez**, de data 24/02/2022 (Registro de entrada nº 3.425), no que solicita un posto no Mercado Municipal de Palmeira, por ampliación do posto que está ao seu carón (Nº 2), dedicado a hostalería.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Miguel Ángel Novoa Núñez** a establecerse no **Posto nº 3 do Mercado Municipal de Palmeira**, por ampliación do posto que está ao seu carón (Nº 2), coa actividade solicitada de hostalería.
- b) A autorización concédese con carácter temporal e en tanto en canto non se proceda á licitación nos termos previstos legalmente
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais para a súa inclusión no correspondente padrón fiscal

#### 10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

##### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 15.02.2022:

- 1665 01.02.2022 SOCIEDAD GESTIÓN ACTIVOS REESTRUCTURACIÓN BANCARIA S.A., adecuación interior de vivendas, rúa Romero Ortiz, 18, Ribeira.
- 21485 01.12.2021 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., línea de baixa tensión subterránea de 116,00 m. de longitud, en Mámoa, Carreira.

##### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 17.02.2022:

- 629 14.01.2022 MARIA DEL CARMEN BRETAL SANDE, acondicionamiento de galpón situado en Outeiro, 81, Artes.

##### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 18.02.2022:

- 341 10.01.2022 MARIA ROSARIO LEMA COTELO, reforma de baño en rúa Remedios, 26, Ribeira.
- 327 10.01.2022 M<sup>a</sup> DOLORES GONZÁLEZ MARTÍNEZ, cambio de ventana en Avda. da Coruña, 129, Ribeira.
- 394 11.01.2022 C.P. EDIFICIO OS MOSQUEIROS, limpeza de canalones en Carretera General, 32, Castiñeiras.
- 497 12.01.2022 JUAN MANUEL BAAMONDE REIRÍZ, sustitución de muro de cierre en Touro, 66.
- 607 14.01.2022 MARIA DEL CARMEN PAZ BETANZOS, sustitución de carpintería exterior, en rúa de Galicia, 20B, Palmeira.



COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 24.02.2022:

784	18.01.2022	Mª DEL CARMEN DOMÍNGUEZ GAGO, arreglo de muro en rúa do Vilar, 30, Palmeira.
794	18.01.2022	MANUEL ANTONIO VÁZQUEZ PAZ, arreglar tejado, pintar fachadas y cambio de ventanas, rúa do Espiño, 14, Palmeira.
881	19.01.2022	SARA TORRES FERNÁNDEZ, reparar tubería y solera, en rúa Vicanso, 3, Aguiño.
993	20.01.2022	COMUNIDAD PROPIETARIOS FONTANAROUSA-FONTAN, limpeza y encintado de fachada en rúa Perú, 27, Ribeira.
1028	21.01.2022	MANUEL SAMPEDRO CASAIS, renovación de cubierta en Iglesia, 84, Olveira.
1186	25.01.2022	MARIA JOSÉ SAMPEDRO ROMERO, instalar puerta de garaje, carpintería exterior y pintado de fachadas en rúa Francisco Lorenzo Mariño, 69, Aguiño.

**11.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LUGAR: LUGAR DE MARTÍN, RIBEIRA. PROMOTORES: GLORIA VIDAL CASTRO - JESÚS PAZ GONZÁLEZ.**

**VISTA** a solicitude de licenzia urbanística presentada por Dna.Gloria Vidal Castro e D. Jesús Paz González para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** no lugar de Martín s/n, Ribeira, en parcela rcon refª catastral nº **1009107NH0100N0001AB**, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de de 2021 redactado por D.Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451), así como do acordo notarial de adose asinado o día 21 de maio de 2021 autorizado pola notario de Ribeira Dna.Mª Covadonga Vázquez López

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á corporación o día **15 de febreiro de 2022**, o **técnico de administración xeral** de data **18 de febreiro de 2022** e o **secretario xeral da Corporación** de data **23 de febreiro de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** licenzia urbanística (Nº 6/22) a Dna.Gloria Vidal Castro e D. Jesús Paz González para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** no lugar de Martín s/n, Ribeira, en parcela rcon refª catastral nº **1009107NH0100N0001AB**, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de de 2021 redactado por D.Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451), así como do acordo notarial de adose asinado o día 21 de maio de 2021 autorizado pola notario de Ribeira Dna.Mª Covadonga Vázquez López

*Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.***

**SEGUNDO.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da



notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmобles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*

*Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*





- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da



*propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 12.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Lombas)

**Vistos** os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 01/02/2022 (Rexistros de entrada nº 1.654 e 1.681), nos solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de reposición de pavimentos en ampliación rede gas natural en Lombas, 27 (Palmeira).

**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 25/02/2022.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Aprobar** a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de reposición de pavimentos en ampliación rede gas natural en Lombas, 27 (Palmeira), polos importes de 9.000,00 € e 3.750,00

## 13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Alexander Sebastián Fernández

**Visto** o escrito presentado por **Alexander Sebastián Fernández**, de data 17/01/2022 (Rexistro de entrada nº 2721), no que solicita información urbanística en relación a parcela con referencia catastral nº 15074A90201610000UU.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 22/02/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca en el plano adjunto de referencia catastral 15074A90201610000UU que están clasificadas como **SUELO RUSTICO de PROTECCIÓN de ESPACIOS NATURALES**, con las siguientes determinaciones:  
Que las parcelas objeto de informe están clasificadas como:

**Suelo Rústico de protección Espacios Naturales (Art. 124).**

**Artículo 124: Norma de protección de espacios naturales. S.R.P.N. 1.1.**





**Definición de la norma zonal S.R.P.N. 1.1**

Esta ordenanza comprende aquellos terrenos que por su valor ambiental, ecológico, biológico, botánico, paisajístico científicos, educativos o recreativos deben preservarse para su protección y mejora.

**Ámbito:**

La Zona de Servidumbre de Costas, delimitación específica establecida en los planos correspondientes de ordenación y delimitación propuesta en la Orden de 7 de junio de 2001 de la Consellería de Medio Ambiente y las islas de Ceboleiros, Carreiro, Rúa, Salvora, Novo, Herbosa y Vionta.

**Obras admisibles:**

Únicamente se permitirá, la restauración y rehabilitación de aquellas construcciones existentes y las de nueva planta, de carácter desmontable, que en ambos casos sirvan para garantizar la protección y la utilización racional del área a proteger, como son las instalaciones de control de acceso al área y los servicios de mantenimiento de la misma.

**Usos globales característicos, compatibles y prohibidos:**

En las zonas de las dunas de Corrubedo serán los que figuran en el "Plan de Ordenación de los Recursos Naturales del Parque del Complejo Dunar de Corrubedo y Lagunas de Carregal y Vixán".

En el resto de espacios protegidos por esta norma no se autorizará la construcción de ninguna clase de edificación, permitiéndose la explotación racional de los recursos vinculados al medio que no atenten contra los valores esenciales que se protegen.

Expresamente se prohíben las siguientes actuaciones:

Cortes del arbolado existente.

Destrucción de elementos naturales, geológicos, acuíferos, vegetales, o elementos que supongan una variación del equilibrio natural del ecosistema.

Modificación de cauces o torrenteras.

Vertido de residuos sólidos o líquidos.

El vallado o cierre de fincas que supusieran inconveniente para el normal desarrollo de especies animales autóctonas, permitiéndose únicamente aquellos cerramientos realizados con las técnicas y materiales tradicionales (cachotería en seco) y previo estudio y justificación de su adecuación.

La apertura de nuevos caminos. La mejora de los existentes se hará exclusivamente con materiales pétreos en seco. Se resolverán las áreas de aparcamiento para visitantes que eviten la invasión de las zonas protegidas

**Tipologías edificatorias:**

Solamente se autorizarán aquellas construcciones de carácter temporal y desmontable o módulos prefabricados que garanticen la no alteración del medio.

**14.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE PLANTA BAIXA (LICENZA DE OBRA Nº 37/17 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 10/08/2017. LUGAR: LUGAR DE GÁNDARA, ESTRÍS, (RIBEIRA). PROMOTOR: EVA PATRICIA HERMO MUÑIZ PEÑA - JOSÉ MANUEL VILA MANEIRO**

**VISTA** a solicitude de **licencia de primeira ocupación** presentada por **Dna. Eva Patricia Hermo Muñiz e D. José Manuel Vila Maneiro**, para vivienda unifamiliar de planta baixa sita no lugar de Gándara, Estrís, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A039003430000KT, construída ao amparo da **licenza nº 37/17** concedida pola **Xunta**



**de Goberno Local** en sesión celebrada na data **10 de agosto de 2017**, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra, Anexo I e Anexo II de Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de setembro de 2021 e con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto D.Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & D. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875) e polo enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico Domingo J. Vidal Álvarez (col.1.470), **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Dna.Lidia Otero Golobardas Xefa de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 31 de xaneiro de 2022.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os **informes técnicos favorables** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o **día 19 de outubro de 2021**, o informe emitido con data **9 de febreiro de 2022** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **10 de febreiro de 2022** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Eva Patricia Hermo Muñiz e D. José Manuel Vila Maneiro LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa sita no lugar de Gándara, Estrís, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A039003430000KT, construída ao amparo da **licenza nº 37/17** concedida pola **Xunta de Goberno Local** en sesión celebrada na data **10 de agosto de 2017**, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra, Anexo I e Anexo II de Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 24 de setembro de 2021 e con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto D.Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & D. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875) e polo enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico Domingo J. Vidal Álvarez (col.1.470), **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)**, asinado por Dna. Lidia Otero Golobardas Xefa de Explotación Operaciones Zona Sur na data 31 de xaneiro de 2022.

**SEGUNDO.-**Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**TERCEIRO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

### 15.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSEFA BLANCO FERNÁNDEZ POLOS DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POLA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE AUGA NA ESTRADA.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> JOSEFA BLANCO FERNÁNDEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/03/2021 co número 3.867, D. Francisco Manuel Piferrer Crujeiras, con DNI número 52.459.228-T, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos no pasado mes de febreiro no vehículo con placas de matrícula 7854CRR propiedade de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Blanco Fernández, ao entrarlle auga no motor do automóbil, debido á formación dunha bolsa de auga polo mal asfaltado da estrada no lugar dos Areiros.

Posteriormente, e ante o requirimento para emenda de defectos realizado polo Concello, M<sup>a</sup> Josefa Blanco Fernández, con DNI número 52.458.420-C, presenta escrito rexistrado de entrada na data 04/08/2021 co número 13.559, co que achega a documentación da baixa definitiva do automóbil e no que solicita unha indemnización de 3.000 euros.

Segundo.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 14/10/2021 pola Policía Local; certificado de titularidade do vehículo emitido na data 14/10/2021 pola Dirección Xeral de Tráfico; informe emitido na data 18/01/2022 pola entidade Viaqua; e informe emitido na data 21/01/2022 pola enxeñeira municipal.

Terceiro.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.



## SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

## CUARTO.-



En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. M<sup>a</sup> Josefa Blanco Fernández para deducir a reclamación de indemnización dos danos que pretende por ser a titular do vehículo que sufriu os danos**, segundo consta acreditado na certificación emitida pola Dirección Xeral de Tráfico, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no automóbil con placa de matrícula 7854CRR, propiedade da Sra. Blanco Fernández. Así se deduce do xustificante da baixa definitiva do vehículo que achega a reclamante na data 04/08/2021.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento dun posible servizo público municipal e os danos producidos no vehículo, por canto a reclamante conecta os danos co estado defectuoso da estrada dos Areiros.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia do accidente** polo que se reclama, como así o fai constar no seu informe emitido na data 14/10/2021.
- A entidade **VIAQUA**, en informe emitido na data 18/01/2022, dispón o seguinte: *“Neste servizo recibíuse aviso dunha balsa de auga nesa zona o día 11/02/2021, polo que o Servizo realizou as inspeccións dos servizos na zona e comprobouse que motivado polas fortes choivas deses días, **en efecto, nesa zona fórmase unha balsa de auga. Indicar que a incidencia ven motivada porque ese colector de augas pluviais que conduce as augas pluviais ata á praia, presentaba un atasco na mesma saída do aliviadoiro da rede de pluviais no areal. Esta circunstancia indicouse ó Concello de forma verbal naquel momento, xa que é o Concello o encargado do mantemento dos aliviadoiros na contorna dos areais (...). Con respecto á reclamación recibida de responsabilidade patrimonial, este servizo non recibiu aviso da persoa afectada en tal data, nin recibiu ningunha incidencia correspondente a danos no vehículo con matrícula 7854CRR, nin de ningún outro usuario da estrada.”***
- **No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira tampouco se tivo constancia do sucedido**, dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte no informe emitido: *“(...) En el departamento de obras públicas no se tuvo constancia del accidente por el que se reclama. Tampoco se han tenido constancia de inundaciones que pudieran haberse producido en la citada zona. Puestos en contacto con la entidad Viaqua para saber si habían tenido alguna intervención por inundaciones en la referida zona, refirieron la zona que se indica en la fotografía que se adjunta a este informe de “Situación y Emplazamiento”. Analizando la citada zona, vemos que se trata de la carretera DP 7307, cuyo titular en la Diputación Provincial de A Coruña, mientras que los ramales colindantes son de titularidad municipal. Tanto a lo largo de la carretera provincial como en las calles municipales existe red de evacuación de aguas pluviales. En la zona analizada hay un doble cambio de rasante en el que también se aprecia rejillas para evacuar el agua*





*de la lluvia. Posiblemente, los días de mucha lluvia no se desaloje tanto caudal de agua como debería, pudiendo que haga un efecto “bañera”, formándose también charcos en los laterales de la calzada, pero nunca con la intensidad para dañar el motor de un vehículo. Por lo tanto, no puede afirmarse de la existencia de inundaciones en la fecha y zona que indica el reclamante y, mucho menos, que dichas inundaciones ocasionaron daños en el motor del vehículo con placas de matrícula 7854CRR.”*

Da análise das probas referidas pode chegarse á seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento de posibles servizos municipais e os danos sufridos polo vehículo con placas de matrícula 7854CRR, propiedade da Sra. Blanco Fernández.** E isto, por dous motivos fundamentais: o primeiro é que os informes emitidos por Viaqua e pola enxeñeira municipal non son contestes na orixe dos supostos defectos de infraestruturas municipais (ou incluso provinciais, xa que na zona dos Areeiros a estrada principal é da Deputación Provincial) que puidesen ocasionar inundacións no mencionado lugar nas citadas datas, o que tamén xera dúbidas á hora de determinar qué Administración ostenta a lexitimación pasiva. O segundo motivo é que non resulta probado que tales defectos causaran danos ó vehículo en cuestión ou tiveran a entidade suficiente como para causar danos no vehículo obxecto desta reclamación.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/02/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Blanco Fernández polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

#### **16.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> PATRICIA CASTRO GONZÁLEZ POLOS DANOS E LESIÓN SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> PATRICIA CASTRO GONZÁLEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### **FEITOS**

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 29/09/2021 co número 17.470, D<sup>a</sup> Patricia Castro González, con DNI número 52.935.475-D, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesións sufridos como consecuencia dunha caída ocorrida na data 28/09/2021 ao tropezar cun sumidoiro.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 15/12/2021, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase á interesada que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da





Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistida da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 15/12/2021, foi practicada á reclamante na data 20/12/2021.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte da reclamante se procedera á emenda do referido requisito.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

##### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

##### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

##### TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

##### CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado á interesada, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

##### QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/02/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Ter por desistida da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D<sup>a</sup> Patricia Castro González**, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 29/09/2021, co número 17.470, **e declarar concluído o devandito procedemento, ao non**



producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 15/12/2021, notificado na data 20/12/2021. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### 17.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES – Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Visto o escrito presentado por Marta Varela Rodríguez, en calidade de Secretaria da **Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 25/02/2022, no que solicita autorización para a celebración do Día Internacional das Mulleres, o día 12/03/2022 (entre as 17:00 h e as 00:00 h) no Parque García Bayón (Ribeira), cunha mesa de son e altavoces, e asimesmo, solicita a cesión temporal de 15 valados de separación.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a Marta Varela Rodríguez, en calidade de Secretaria da **Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, para a celebración do Día Internacional das Mulleres, o día 12/03/2022 (entre as 17:00 h e as 00:00 h) no Parque García Bayón (Ribeira), cunha mesa de son e altavoces. Deberá adoptar todas as medidas de prevención COVID19.
- Autorizar a cesión temporal de 15 valados de separación.
- Dar traslado deste acordo aos interesados, así como á Policía Local para o seu coñecemento.

#### 18.- SOLICITUDE RESERVA ZONA EXPRES –Daniel Mallo Area

Visto o escrito presentado por **Daniel Mallo Area**, de data 10/02/2022 (Registro de entrada nº 2.468), no que solicita a habilitación dunha zona de reserva de aparcamento expres na Rúa Xose Ramón Barreiro (Ribeira), para dar servizo a un establecemento dedicado a autoservizo de lavandeiría, de próxima apertura situado na esquina da Avenida da Constitución coa Rúa Xosé Ramón Barreiro (Ribeira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 15/02/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a solicitude de habilitación dunha zona de reserva de aparcamento expres na Rúa Xose Ramón Barreiro (Ribeira), debido a que non se considera necesario xa que existe unha zona de aparcamento expres nunha zona cercana á solicitada.

#### 20.- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LUISA E D<sup>a</sup> RAMONA ARIAS MANEIRO. EXPEDIENTE 2022 PATR000007.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

#### ANTECEDENTES DE FEITO



1.- No ano 2018, D<sup>a</sup> Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14.966.210-A, era propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Porto do Son, Don José Manuel Rodríguez Casal, na data 28/09/1.993, co número 461 do seu protocolo: *“Finca rústica, sita en Corrubedo, municipio de Ribeira, labradío, denominada “LEIRA DA HERBA”, de nove áreas e sesenta centiáreas (960 metros cadrados), que linda: Norte, estrada; Sur, herdeiros de José Hermo; Este, herdeiros de Bernardo Romay; e Oeste, Manuel Romay. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 858, Libro 214, Folio 78, Finca nº 18.092. Referencia catastral: 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ.”*

2.- A estes efectos, na data 01/06/2018, procedeuse á sinatura do **“Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento.”**, polo que se procedía ao arrendamento da citada parcela por parte do Concello de Ribeira, que foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11/10/2018.

3.- Na data 26/11/2019 falece a Sra. Maneiro Romay, polo que por Decreto da Alcaldía de data 25/08/2020, resolvese subrogar a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Arias Maneiro, con DNI número 15969718J, e a D<sup>a</sup> Ramona Arias Maneiro, con DNI número 15905692L, na porcentaxe do 50% cada unha, nos dereitos da súa nai, D<sup>a</sup> Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14966210A, en concepto de arrendadora do contrato de arrendamento da finca sita en Corrubedo denominada *“Leira da Herba”*, subscrito con este Concello, para destinala a aparcadoiro municipal.

4.- Na data 11/10/2020, cumpriuse o prazo de duración de dous anos do contrato de arrendamento asinado polas partes, cuxa cláusula cuarta prevé a súa prórroga ano a ano ata un máximo de cinco, prórroga que deberá realizarse de forma expresa e por escrito de ambas partes.

5.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 04/03/2021, acordouse prorrogar o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 12/10/2020 ata o día 12/10/2021.

6.- Por Providencia da Alcaldía de data 23/02/2022 dispónse dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os tramites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación da segunda prórroga do contrato de arrendamento da parcela sita en Corrubedo antes referida, polo prazo dun ano, e con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría dende a data 13/10/2021 ata o 13/10/2022, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo da primeira prórroga ata a resolución e aprobación da segunda prórroga.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000CB5E800M0D0Q1Y0S8J0 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO: 20220833000</b>
	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 03/03/2022 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/03/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/03/2022 22:37:27	Fecha: 03/03/2022 Hora: 22:37



Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

**SEGUNDA.-** A cláusula 4ª do Convenio asinado polas partes para o alugueiro da parcela, dispón que o prazo de cesión establécese en dous anos, prorrogables ano a ano ata un máximo de cinco anos, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes.

**TERCEIRA.-** O órgano competente para acordar a correspondente prórroga é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral María Sieira Ríos, de data 23/02/2022, e visto o informe do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/02/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Prorrogar, por segunda vez, o prazo de vixencia do contrato de arrendamento da parcela denominada “Leira da Herba”, sita en Corrubedo, propiedade de Dª Mª Luisa e Dª Ramona Arias Maneiro, subscrito entre o Concello de Ribeira e a propiedade, por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 13/10/2021 ata o día 13/10/2022, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo da primeira prórroga ata a resolución e aprobación da segunda prórroga, co informe favorable do Interventor Municipal.

**SEGUNDO.-** Anotar a citada segunda prórroga no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

**TERCEIRO.-** Notificar a resolución a Dª Mª Luisa e Dª Ramona Arias Maneiro, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.

## 21.- CESIÓN GRATUÍTA DE INMOBLE PROPIEDAD DE D. JOSÉ MANUEL DEÁN CANIVE A FAVOR DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA DESTINALO A FINS PÚBLICOS. EXPEDIENTE 2022 PATR000005.

*En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:*

### ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 16/12/2021, co número 22.478, D. José Manuel Dean Canive, con DNI número 52454686N, comunica a súa vontade de ceder gratuitamente ao Concello de Ribeira o terreo da súa propiedade dunha superficie de 34 metros cadrados, sito no lugar de Salmón, coa referencia catastral 15074A039011480001LW, para o seu destino a uso público.

2.- Por Providencia da alcaldía de data 23/02/2022 ordenase que por parte dos servizos técnicos municipais se leven a cabo as actuacións administrativas necesarias para a



tramitación do expediente administrativo para levar a cabo a cesión gratuíta do inmobile dunha superficie de 34 metros cadrados, sita no lugar de Salmón, coa referencia catastral 15074A039011480001LW a favor deste Concello de Ribeira para destinalo a uso e servizo público.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 3 e DF 2ª da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Artigos 21.3 e 22.4 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigos 1.2.f), 9.1, 10 e 12 do Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.
- Artigos 618 e seguintes do Código Civil.
- Artigos 4 e 9, e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Artigo 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2ª da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.

**Segunda.-** O artigo 9.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 do RB atopamos a doazón, que se regula de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: *“1. A adquisición de bens a título gratuíto non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levara anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario.”*

**Terceira.-** O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade cos artigos 1. 2 f) do RB e 4 e 9 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC) dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.

**Cuarta.-** En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC



poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.

**Quinta.-** Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmoble, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarse esta dilixencia en ambas escrituras.

**Sexta.-** De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidade locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a comparecencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

**Sétima.-** A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.
- Notificación do acordo de aceptación ao doante.
- Elevación da doazón a escritura pública.

**Oitava.-** No presente caso, trátase da cesión gratuíta dun terreo para o seu destino ó uso público que se describe a continuación, resultando determinado o obxecto do contrato, así como a capacidade de obrar do contratista e a súa vontade de doar, acreditada, esta última, no escrito presentado no Concello, e a súa personalidade e capacidade de obrar na documentación que consta no expediente:

- *Descrición: "Parcela sita no lugar de Salmón, municipio de Ribeira, de 34 metros cadrados; que linda: Norte, camiño Gándara; Sur, parcela de referencia catastral 15074A039011570001LP; Este, camiño Gándara; e Oeste, parcela de referencia catastral 002002100MH91F0001XT".*
- *Propietario: D. José Manuel Deán Canive, con DNI número 52454686N.*
- *Título: Non aporta. Asegura que é propietario por xustos e léximos títulos.*
- *Inscrición: Non temos datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: 15074A039011480001LW.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*





- *Superficie de cesión: 34 metros cadrados.*

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición do terreo a título gratuito, o artigo 12 do RB soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa. Enténdese que non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar o destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire.

De conformidade coa DA 2ª da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, o órgano competente para acordar a súa adquisición é o Alcalde, xa que o valor do inmovible é de 600,20 euros, segundo informe realizado polo arquitecto municipal na data 23/02/2022. Esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, asinado na data 17/06/2019.

**Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.**

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral María Sieira Ríos, de data 25/02/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aceptar a cesión gratuita que fai ao Concello de Ribeira D. José Manuel Deán Canive do seguinte inmovible: *“Parcela sita no lugar de Salmón, municipio de Ribeira, de 34 metros cadrados; que linda: Norte, camiño Gándara; Sur, parcela de referencia catastral 15074A039011570001LP; Este, camiño Gándara; e Oeste, parcela de referencia catastral 002002100MH91F0001XT”.*

**Segundo.-** Incorporar o ben adquirido ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.

**Terceiro.-** Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba o documento de formalización da cesión do referido ben inmovible a favor do Concello de Ribeira, que deberá elevarse, á súa vez, a escritura pública e comunicarse ao Rexistro da Propiedade de Noia.

**Cuarto.-** Os gastos que se deriven da elevación a escritura pública desta doazón, así como os impostos derivados da mesma, serán por conta do Concello.

**Quinto.-** Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si do ben, dilucidarase ante a xurisdición civil.

**Sexto.-** Notificar o presente acordo á persoa donante, agradecéndolle a doazón efectuada e significándolle que deberá comparecer no momento en que sexa emprazada para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

## 22.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

**Visto o escrito presentado** pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 28/02/2022, no que sinala:



*“Enterados da convocatoria de subvencións publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, DOG nº 28 de 10/02/2022 Orde do 17 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.*

*É obxecto desta convocatoria á mellora e o equipamento das instalacións e locais culturais de entidades locais, sendo actuacións subvencionables as relativas ao equipamento e moblaxe, realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmobles, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento da programación cultural do local (artigo 3 das bases reguladoras).*

*A axuda máxima por entidade local beneficiaria é de 30.000€ que en ningún caso excederá do 90% do orzamento total do proxecto subvencionable.*

*Establécese o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.*

*Tendo en conta que para ter dereito á subvención será necesario acadar un mínimo de 23 puntos (artigo 14) , e en aplicación dos criterios de puntuación, temos interese en participar nesta convocatoria co proxecto de mellora do equipamento escénico, audiovisual, tecnolóxico do Auditorio Municipal de Ribeira así como da realización de investimento relacionado coa súa accesibilidade:*

- Adquisición dun proxector laxer (2.565,08€)
- Adquisición dun equipo de iluminación, trus e focos (3.900,00€)
- Adquisición dun atril (816,75€)
- Adquisición dun ordenador portátil (600,00€)
- Dotación de portas antipánico, acceso salón de actos (2.000,00€)
- Confección de mantel para mesa de presentación/conferencias (150,00€)
- Telóns inifugos (2.500,00€)

*Gasto do proxecto 12.531,83€*

*Porcentaxe de solicitude de subvención 49,99 %. (6.264,66€).*

*A vista desta Orde, SOLICÍTASE á Xunta de Goberno Local:*

- *Acordo do concello polo cal se solicita a subvención para o equipamento e mellora do Auditorio Municipal de Ribeira, e se aceptan as condicións e requisitos establecidos na orde.*
- *Compromiso de financiamento do importe do proxecto que non resulte subvencionable.*
- *Certificado que acredite remisión das contas ao Consello de Contas de Galicia e a súa data (antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude).*
- *Nomeamento da persoa titular da alcaldía como representante”*

En base ao anteriormente exposto, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Solicitar a subvención para o equipamento e mellora do Auditorio Municipal de Ribeira, e aceptar as condicións e requisitos establecidos na orde.
- Comprometese ao financiamento do importe do proxecto que non resulte subvencionable.
- Aprobar a remisión das contas ao Consello de Contas de Galicia e á súa data (antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude).
- Facultar ao Sr. Alcalde, D. Manuel Ruiz Rivas, para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de subvención.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:10 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

